

Versará sobre as materias troncais xerais cursadas, a materia correspondente do bloque das materias troncais da modalidade elixida, así como sobre a materia de Lingua Galega e Literatura II:

PARTE OBRIGATORIA			
Historia de España			
Lingua Española e Literatura II			
Lingua Galega e Literatura II			
Primeira Lingua Estranxeira e Literatura II			
ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Fundamentos da Arte II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas CC.SS. II	Latín II

Cada un dos cinco exercicios da Parte Obrigatoria da proba presentará dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha.

Cada exercicio terá unha duración máxima de hora e media (90 minutos), establecéndose un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios de Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II e da Primeira Lingua Estranxeira e Literatura II da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.

Cualificación da Parte Obrigatoria:

Cada un dos exercicios da Parte Obrigatoria cualificarase entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A cualificación da Parte Obrigatoria será a media aritmética de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Considerarase superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade candoo estudante obtivese unha nota igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos como resultado da media ponderada do 60 por 100 da nota media dobacharelato (NMB) eo 40 por 100 da cualificación da Parte Obrigatoria (CPO), sempre que se obtivese un mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria da proba.

A cualificación da Parte Obrigatoria terá **validez indefinida**, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.